

Artigo único. *Modificación da Orde ECO/805/2003, do 27 de marzo, sobre normas de valoración de bens inmo- bles e de determinados dereitos para certas finalidades financeiras.*

Engádese unha disposición adicional sétima á Orde ECO/805/2003, do 27 de marzo, sobre normas de valoración de bens inmo- bles e de determinados dereitos para certas finalidades financeiras coa seguinte redacción:

Disposición adicional sétima. *Aplicación do principio de prudencia en relación coa posibilidade expropiatoria.*

1. Para os efectos da aplicación do principio de prudencia a que se refire o artigo 3.1.f), a posibilidade de expropiación forzosa dun inmo- ble só se considerará como un dos escenarios ou posibilidades de elección igualmente probables nos seguintes casos:

a) Cando se iniciase o procedemento de expropiación do inmo- ble.

b) Cando se aprobase un instrumento de ordenación territorial ou urbanística, plan ou proxecto de calquera tipo, que comporte a declaración de utilidade pública e a necesi- dade de ocupación dos bens e dereitos correspondentes, cando os devanditos instrumentos, plans ou proxectos habiliten para a súa execución e esta se deba producir por expropiación.

c) Cando a Administración competente declarase, mediante resolución administrativa con audiencia dos interesados, o incumprimento dos prazos ou demais deberes inherentes ao proceso de urbanización ou de edifica- ción do solo e, de conformidade co disposto na lexislación sobre ordenación territorial e urbanística, isto poida dar lugar á expropiación do ben correspondente.

d) Cando na data da valoración estivese incoado expediente de incumprimento dos prazos ou demais deberes inherentes ao proceso de urbanización ou de edifica- ción e, de conformidade co disposto na lexislación sobre ordenación territorial e urbanística, isto poida dar lugar á expropiación do ben correspondente, pero non se ditase aínda resolución administrativa.

2. Nos supostos previstos no punto anterior, a valoración corresponderá á menor entre a resultante de aplicar os criterios establecidos na Lei 8/2007, do 28 de maio, de solo, e os desta orde. Nestes casos, considerarase que existe un suposto de advertencia de conformidade co dis- posto no artigo 11.c) desta orde.

3. Cando vencesen os prazos para o cumprimento dos deberes de urbanización ou de edificación do solo:

a) Se non se incoou o procedemento de declaración de incumprimento dos ditos deberes, a valoración con- forme os criterios desta orde incluírá unha advertencia que indique que, en caso de declaración administrativa de incumprimento e posterior expropiación dos terreos, estes se valorarán de conformidade cos criterios establecidos na Lei 8/2007, do 28 de maio, de solo.

b) Se non se puido comprobar a existencia de proce- demento de declaración de incumprimento dos deberes, a valoración quedará condicionada a que se acredite a inexistencia do dito procedemento, ademais de formular a advertencia a que se refire a letra anterior.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de febreiro de 2008.—O vicepresidente segundo do Goberno e Ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

4207 *REAL DECRETO 225/2008, do 15 de febreiro, polo que se completa a aplicación do modelo comunitario de clasificación das canais de vacún pesado e se regula o rexistro dos prezos de mercado.* («BOE» 56, do 5-3-2008.)

A implantación do modelo comunitario de classifica- ción das canais de vacún pesado, impulsado pola aplica- ción das disposicións do Real decreto 1892/1999, do 10 de decembro, polo que se aplica o modelo comunitario de clasificación das canais de vacún pesado e as normas comunitarias sobre o rexistro de prezos, contribuíu posi- tivamente á mellora das condicións de normalización e transparencia na comercialización no mercado cárnico. Esta norma legal, que adaptaba as disposicións estableci- das na lexislación comunitaria aplicable, serviu de ferra- menta fundamental para apoiar a mellora das condicións de posta en tráfico comunitario do vacún sacrificado no noso país nun momento en que o sector de vacún espa- ñol experimentou unha forte expansión, para pasar a ser exportador neto de carne de vacún, constituíndo, pola súa vez, un dos piares para promover as medidas de ordena- ción do sector previstas na organización común de mer- cados da carne de vacún.

Non obstante, o mero paso do tempo e a necesidade de trasladar ao noso marco legal as sucesivas modifica- cións normativas dos regulamentos comunitarios acon- sella, sen prexuízo da aplicación directa dos regulamen- tos, pór ao día a norma nacional para efectos de clarificación de determinadas disposicións que convén actualizar de acordo coa experiencia obtida nestes anos de aplicación do sistema de clasificación.

Recóllese no articulado a codificación das disposicións do Regulamento (CEE) n.º 1208/81 do Consello, do 28 de abril, que estableceu o modelo comunitario de classifica- ción das canais de vacún pesado, coñecido como modelo SEUROP, e a súa substitución polo Regulamento (CE) n.º 1183/2006 do Consello, do 24 de xullo de 2006, sobre o modelo comunitario de clasificación de canais de vacún pesado, así como as disposicións específicas sobre con- formación e estado de engraxamento recollidas no Regu- lamento (CE) n.º 103/2006 da Comisión, do 20 de xaneiro de 2006, polo que se establecen disposicións comple- mentarias para a aplicación do modelo comunitario de clasificación das canais de bovinos pesados.

Outras disposicións de aplicación, adoptadas despois da entrada en vigor do Real decreto 1892/1999, do 10 de decembro, introducen novos requisitos sobre identifica- ción e rastrexabilidade, como é o caso do Regulamento (CE) n.º 2181/2001 da Comisión, do 9 de novembro de 2001, que modifica o Regulamento (CEE) n.º 563/82 da Comisión, do 10 de marzo, polo que se determinan as modalidades de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 1208/81 para o rexistro dos prezos de mercado dos bovinos pesados, baseándose no modelo comunitario de clasificación das canais; en concreto, no que concirne ao criterio para distinguir as canais dos machos novos sen castrar, que permite utilizar a información dos vixentes documentos de identificación de bovinos (DIB), recollidos na actualidade no artigo 9 do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identifi- cación e rexistro dos animais da especie bovina. Ademais, a aplicación dos sistemas de etiquetaxe obrigatoria para clasificación debe harmonizarse coa etiquetaxe obrigatoria da carne de vacún para efectos de rastrexabilidade, segundo se prevé no artigo 4 do Real decreto 1698/2003,

do 12 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación dos regulamentos comunitarios sobre o sistema de etiquetaxe da carne de vacún.

Convén tamén facer extensiva a aplicación da clasificación, aínda que con carácter voluntario, ás canais de vacún de peso vivo inferior a 300 quilogramos, cuxa comercialización reforza o marco da gandaría tradicional, por máis que ata a data non se establecesen expresamente os termos en que debían ser aplicados os fundamentos da clasificación. A experiencia demostrou que é un sistema válido para a correcta valoración das canais e moi útil nas áreas de tradición produtora que comercializan ao abeiro de indicacións xeográficas protexidas (IXP).

Por outra banda, cómpre adaptar a normativa para dotar o noso país do soporte legal adecuado que permita implantar as técnicas de clasificación automatizada, de acordo co Regulamento (CE) n.º 1215/2003 da Comisión, do 7 de xullo, que modifica o Regulamento (CEE) n.º 344/91 da Comisión, polo que se establecen as normas de desenvolvemento do Regulamento (CEE) n.º 1186/90 do Consello, polo que se amplía o campo de aplicación do modelo comunitario de clasificación das canais de vacún pesado, que establece as disposicións que se deben considerar na autorización das técnicas de clasificación automatizada por parte dos Estados membros.

Por último, a simplificación dos usos de preparación da canal, reducindo ao mínimo as presentacións tipo ou xeitos diferentes de preparación dos vacúns na liña de sacrificio para efectos de rexistro de prezos e pesos, completan a información dispoñible para os entradores, o que, xunto coa harmonización dos criterios técnicos para efectuar a clasificación, debe reforzar o coñecemento do mercado por parte de todos os operadores e garantir así a aplicación nas súas operacións das cotizacións máis favorables. Nese sentido, a información precisa ao gandeiro das condicións da clasificación, introducindo o uso das subclases para clasificar as canais, así como a notificación do tipo de preparación das canais xunto con determinadas informacións sobre a pesada e o deloiro permiten dispor dunha mellor información da calidade comercial do produto e constitúen ferramentas básicas para a normalización e transparencia nas transaccións comerciais con carne de vacún.

No que se refire ao rexistro de prezos de mercado da carne de vacún pesado, convén asegurar o bo funcionamento dun rexistro nacional de prezos que comprenda: o deseño da operación, os suxeitos obrigados e o procedemento de recolla de información, xunto cos controis necesarios que garantan a representatividade e fiabilidade dos resultados. Tamén resulta conveniente a identificación de competencias e a súa asignación ás diferentes unidades que participan no sistema.

Por todo iso, á luz da experiencia adquirida nos anos de vixencia do sistema de clasificación de canais de vacún en España e tendo en conta o relativo ao rexistro dos prezos de mercado dos bovinos pesados establecido polo Regulamento (CE) n.º 295/1996 da Comisión, do 16 de febreiro, polo que se establecen modalidades de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 1892/1987 do Consello, no relativo ao rexistro dos prezos de mercado dos bovinos pesados baseado no modelo comunitario de clasificación das canais, dítase este real decreto.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e mais as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de febreiro de 2008,

DISPÓÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto:

a) Determinar as condicións baixo as cales se debe efectuar a clasificación de canais de vacún pesado de acordo co Regulamento (CE) n.º 103/2006 da Comisión, do 20 de xaneiro de 2006, polo que se establecen disposicións complementarias para a aplicación do modelo comunitario de clasificación das canais de bovinos pesados, e co Regulamento (CE) n.º 1183/2006 do Consello, do 24 de xullo de 2006, sobre o modelo comunitario de clasificación das canais de vacún pesado (versión codificada).

b) Incluír o disposto sobre presentacións das canais e sobre o deloiro no Regulamento (CEE) n.º 563/82 da Comisión, do 10 de marzo de 1982, polo que se determinan as modalidades de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 1208/81 para o rexistro dos prezos de mercado dos bovinos pesados baseándose no modelo comunitario de clasificación das canais.

c) Incorporar disposicións relativas ao rexistro de prezos de canais de vacún pesado na aplicación do Regulamento (CE) n.º 295/96 da Comisión, do 16 de febreiro, polo que se establecen modalidades de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 1892/87 do Consello no relativo ao rexistro dos prezos de mercado dos bovinos pesados baseado no modelo comunitario de clasificación de canais.

2. Están obrigados a clasificar os vacúns pesados todos aqueles establecementos autorizados para o seu sacrificio, independentemente do número de animais que sacrifiquen.

Con carácter voluntario, poderase realizar a clasificación de canais de vacúns de peso vivo inferior a 300 quilogramos, caso en que se deberán adecuar ao establecido no artigo 6.3.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos do disposto neste real decreto, enténdese por:

a) Vacúns pesados: os bovinos cuxo peso vivo sexa superior a 300 quilogramos.

b) Canal: o corpo enteiro do animal sacrificado tal como se presenta despois das operacións de sangradura, evisceración e esfoladura, procedente de bovinos sacrificados conforme o establecido no anexo III do Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, polo que se establecen normas específicas de hixiene nos alimentos de orixe animal. Esta canal será presentada para clasificación:

1.º Sen cabeza nin patas; a cabeza separada da canal pola articulación atloide-occipital; as patas cortadas polas articulacións carpometacarpianas e tarsometatarsianas.

2.º Sen os órganos contidos nas cavidades torácica e abdominal con ou sen os riles, a graxa da rilada, así coma a graxa pelviana.

3.º Sen os órganos sexuais externos nin músculos unidos, sen o ubre nin a graxa mamaria.

c) Media canal: a peza obtida pola división da canal seguindo o plano de simetría que pasa polo centro das vértebras cervicais, dorsais, lumbares e sacras e polo centro do esterno e a sínfise pubiana.

d) Cuartos: para efectos de localizar os medios de identificación da clasificación, entenderase por cuartos cada unha das dúas partes en que se divide tradicional-

mente cada media canal, denominados respectivamente cuarto dianteiro e cuarto traseiro.

e) Modelo SEUROP: é o modelo que se debe considerar para clasificar as canais e medias canais de vacún pesado segundo o establecido no anexo I.

f) Presentación de referencia: toda canal identificada conforme o artigo 11, disposta sen recorte da graxa superficial, co pescozo cortado e o sangradoiro xugular preparado de acordo coas prescricións veterinarias, e ademais:

1.º Sen riles, graxa da rilada nin graxa pelviana.

2.º Sen piar medio do diafragma nin piares do diafragma.

3.º Sen rabo.

4.º Sen medula espiñal.

5.º Sen graxa testicular.

6.º Sen coroa da cara interna da perna.

7.º Sen sangradoiro xugular.

g) Presentación autorizada: para efectos do rexistro dos seus prezos, toda canal identificada, incluída a preparación conforme a presentación de referencia, cuxa presentación se axuste a algunhas das especificacións incluídas no anexo II. De ser o caso, os riles deben presentarse descubertos para inspección.

h) Pulimento: recorte da graxa externa dunha canal, efectuado nos puntos definidos no artigo 3 do Regulamento (CEE) n.º 563/82, do 10 de marzo: zona da anca, do lombo, por debaixo da parte media do costelar, parte anterior do esterno, arredores da rexión ano-xenital e do rabo e cara interna da perna.

i) Deloiro: refrixeración forzada a que se somete unha canal, media canal ou cuarto de canal inmediatamente despois do sacrificio e preparación, seguindo unha curva de arrefriamento que garanta un descenso ininterrompido da temperatura e aplicando ao mesmo tempo unha ventilación axeitada que evite a condensación de auga sobre a súa superficie.

j) Rumsteak: peza obtida do despezamento que comprende o conxunto da croca, a punta e a aleta da croca.

k) Clasificador: técnico cualificado de acordo co disposto neste real decreto, que realiza a clasificación de canais.

l) Dispositivos de clasificación automatizada: dispositivos acreditados que realizan a clasificación automatizada de acordo coas especificacións establecidas.

CAPÍTULO II

Procedemento de clasificación das canais

Artigo 3. *Categorías das canais.*

1. A clasificación das canais deberá ser realizada por clasificadores autorizados de acordo cos criterios establecidos neste real decreto.

2. Todas as canais ou medias canais de vacún pesado a que se refire este real decreto se clasificarán nalgunha das categorías seguintes, de acordo co modelo SEUROP descrito no anexo I:

a) Categoría A: canais de machos novos sen castrar de menos de dous anos.

b) Categoría B: canais doutros machos sen castrar.

c) Categoría C: canais de machos castrados.

d) Categoría D: canais de femias que parisen.

e) Categoría E: canais doutras femias.

3. Para a identificación das diferentes categorías poderase empregar a información dispoñible no sistema de identificación e rexistro de bovinos, autorizado polo Real decreto 1980/1998, do 18 setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistros dos animais

da especie bovina, ou os documentos de identificación de bovinos (DIB) descritos no seu artigo 11.

Artigo 4. *Determinación de clases de canais e uso das subclases.*

1. Atendendo á súa conformación e grao de engraxamento, as canais e medias canais de vacún pesado clasificaranse en España nas clases que se describen nos anexos I e II do Regulamento (CE) n.º 1183/2006 do Consello, do 24 de xullo de 2006, sobre modelo comunitario de clasificación das canais de vacún pesado e no anexo I deste real decreto.

2. Autorízase a clasificación S e E do anexo I do Regulamento (CE) n.º 1183/2006 do Consello, do 24 de xullo de 2006, cando todas as partes da canal presentada para clasificación reúnan, sen excepción, as características dunha canal S ou E.

3. Para a clasificación teranse en conta as diferentes subclases en que se subdivide a clasificación deste real decreto. Para tal efecto:

a) Se se efectúa a clasificación mediante dispositivos de clasificación automatizada, a clasificación incluírá necesariamente as subclases para todas as clases de conformación, así como para todas as clases de engraxamento, conforme o anexo III deste real decreto.

b) Se a clasificación é efectuada por un clasificador dos definidos no artigo 2.k):

1.º Para determinar os estados de conformación, empregaranse necesariamente as subclases de acordo ao anexo III, agás o disposto na disposición transitoria primeira.

2.º Para a ponderación do grao de engraxamento, o uso das subclases será facultativo.

4. Cada unha das clases designadas dividirase nas seguintes subclases superior, central e inferior. A representación das clases superior e inferior realizarase mediante os símbolos (+) e (-) respectivamente. A clase central non se representará mediante ningún símbolo. A identificación deberá reflectir inequivocamente as subclases asignadas, conforme o establecido no artigo 12.

Artigo 5. *Presentacións autorizadas.*

Todas as canais que se presenten para clasificación serán preparadas, para efectos do rexistro dos seus prezos, conforme algunha das presentacións autorizadas. Esas presentacións serán calquera das definidas como tipo I, tipo II ou tipo III –subtipos A e B–, do anexo II. Non obstante, unha vez efectuada a clasificación e rexistrado o seu peso, poderase acondicionar para a súa posta no mercado de acordo co establecido no artigo 7.

As presentacións autorizadas que así o inclúan deberán presentar o ril descuberto para facilitar a inspección post mórtem. Non se retirarán das canais outras partes distintas das detalladas no anexo do Regulamento (CEE) n.º 563/82, do 10 de marzo, nin se extraerán parcialmente as recollidas nese anexo.

Artigo 6. *Realización da clasificación.*

1. A clasificación das canais realizarase no interior do matadoiro, como máis tarde no prazo dunha hora desde o inicio das operacións de sacrificio, e utilizaranse as subclases especificamente designadas.

2. Cada media canal presentarase para clasificación de acordo con algunha das presentacións autorizadas definidas no anexo II. No caso de efectuar o pulimento ou recorte da graxa superficial, este levarase a cabo de forma que non interfira no labor do clasificador.

3. A clasificación poderase efectuar con carácter voluntario en canais procedentes de animais de peso vivo

inferior a 300 quilogramos, caso en que serán de aplicación as disposicións dos capítulos I, II, III, IV, V, VII e VIII.

Estas canais exceptuaranse expresamente do rexistro de prezos de mercado.

Artigo 7. Recorte da graxa superficial, pesada e acondicionamento das canais para a súa posta no mercado.

1. O recorte da graxa externa ou pulimento comprenderá, exclusivamente, as zonas definidas no artigo 3 do Regulamento (CEE) n.º 563/82, do 10 de marzo. Só se permitirá nos casos en que as canais reúnan o conxunto de características de preparación dunha presentación tipo II.

2. Unha vez que o clasificador determine a clasificación e a presentación utilizada, procederá á pesada e á identificación da canal.

3. En aplicación do artigo 1.2 do Regulamento (CEE) n.º 563/82, do 10 de marzo, as minguas por deloiro que se aplicarán cando as canais se pesen en quente despois do sacrificio serán do 2 por cento en peso.

4. Unha vez realizada a clasificación da canal e rexistrado o seu peso, poderase realizar o seu posterior acondicionamento mediante retirada dalgunha das súas partes. Esta retirada realizarase en todo caso unha vez rexistrado o peso da canal e de xeito que non interfira no desenvolvemento dos controis oficiais.

CAPÍTULO III

Réxime de autorización de clasificadores

Artigo 8. Clasificadores de canais.

1. A clasificación das canais será realizada por técnicos cualificados propostos pola empresa xestora do matadoiro que obtivesen autorización da autoridade competente.

2. Cada clasificador identificarase mediante unha clave, de acordo co artigo 9, que permita identificar as canais de vacún que clasificou en cada xornada de traballo.

3. Porén, se o propoñen as partes interesadas, poderase conceder autorización para o uso alternativo de técnicas de clasificación automatizada, de acordo co Regulamento (CEE) n.º 344/91, do 13 de febreiro, polo que se establecen as normas de desenvolvemento do Regulamento (CEE) n.º 1186/90 do Consello, polo que se amplía o campo de aplicación do modelo comunitario de clasificación das canais de vacún pesado, tal como quedou modificado polo Regulamento (CE) n.º 1215/2003, da Comisión, do 7 de xullo.

4. Para os efectos do parágrafo anterior, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación organizará un ensaio de certificación segundo o establecido no anexo I do Regulamento (CE) n.º 344/91, do 13 de febreiro, que será realizado por cinco expertos autorizados para efectuar clasificacións: un da comunidade autónoma onde radique o matadoiro, outro experto doutra comunidade autónoma diferente designado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e tres expertos procedentes doutros Estados membros designados, pola súa vez, polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Ao ensaio poderán asistir observadores dos servizos da Comisión Europea e doutros Estados membros.

5. Se o resultado do ensaio é satisfactorio, remitirase de inmediato certificación emitida polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación á Comisión Europea e á comunidade autónoma en que radique o matadoiro, para que proceda á autorización dos dispositivos acreditados e á organización dos controis previsto no anexo V.

Artigo 9. Criterios de cualificación de clasificadores.

1. Os clasificadores definidos no artigo 2. k), incluídos os técnicos supervisores das indicacións xeográficas

protexidas, deberán superar un curso de carácter selectivo que constará dunha fase teórica e outra práctica desenvolvida sobre un mínimo de corenta canais. A duración do curso será de, polo menos, 10 horas. Para garantir a harmonización dos criterios na autorización, o contido mínimo dos cursos será o descrito no anexo IX. A autorización será válida para todo o territorio nacional.

2. Para renovar a súa autorización e para efectos da súa reciclaxe, os clasificadores autorizados terán a obriga de participar no curso definido no número anterior, polo menos, unha vez cada catro anos.

3. Os criterios aplicables para outorgar a autorización serán os do anexo IV. En caso de denegación ou suspensión temporal da autorización, o clasificador estará obrigado a superar o curso teórico-práctico definido no número 1.

4. As comunidades autónomas crearán un rexistro cos clasificadores autorizados no seu ámbito territorial, identificados por un número de rexistro individual. Este número de rexistro poderase utilizar tamén como clave para identificar as canais clasificadas por cada clasificador nunha sesión de traballo.

5. O persoal ao servizo das administracións públicas que interveña no control de clasificadores será especificamente habilitado pola autoridade competente tras asistir a un curso teórico-práctico dos definidos no número 1 deste artigo.

6. Periodicamente, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación organizará xornadas co fin de pór en común experiencias e coñecementos, ás cales poderán asistir os responsables do control de clasificación de cada comunidade autónoma que o desexen.

Artigo 10. Rexistro nacional de clasificadores de canais de vacún.

A comunidade autónoma que autorice un clasificador tras superar un curso teórico-práctico selectivo, incluírao na súa base de datos. A clave individual asignada servirá en todo momento para a súa identificación oficial.

Créase o Rexistro Nacional de Clasificadores de Canais de Vacún adscrito á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, con carácter informativo, no que se integrarán os datos das comunidades autónomas.

CAPÍTULO IV

Identificación das canais e comunicación da clasificación

Artigo 11. Identificación das canais.

1. Toda canal ou media canal que sexa clasificada conforme o disposto neste real decreto deberá ser identificada con expresión da súa categoría, clase e subclase de conformación e estado de engraxamento. Esa identificación poderá ser realizada mediante o uso de selos ou etiquetas.

Os medios de identificación non se poderán retirar antes do desosado dos cuartos. Os caracteres utilizados serán visibles e as marcas e etiquetas resistentes e inalterables nas normais condicións do ambiente de traballo dos matadoiros, e deben permanecer lexibles durante a súa distribución. Cando se empreguen dispositivos de clasificación automatizada será obrigatorio a utilización de etiquetas.

2. A identificación non será de aplicación aos matadoiros autorizados que realicen por si mesmos o despezamento e desosado da totalidade das canais e medias canais que obteñan, sen prexuízo do rexistro do resultado da clasificación nas listaxes de sacrificio do establecemento.

Artigo 12. Sistemas de identificación autorizados.

1. A marcación mediante selos aplicados sobre a superficie externa da canal realizarase con tinta indeleble

non tóxica. Os caracteres terán unha altura mínima de 2 centímetros. As marcas estampanse nos cuartos traseiros no lombo baixo, á altura da cuarta vértebra lumbar, e nos cuartos dianteiros no extremo groso do costelar, a unha distancia de 10 a 30 centímetros da fenda do esterno. Indicarán a categoría e as clases de conformación e de estado de engraxamento.

2. O material de etiquetaxe deberá cumprir o disposto no Regulamento (CE) n.º 1935/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de outubro, sobre os materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos e polo que se derrogan as directivas 80/590/CEE e 89/109/CEE. Non se admitirá o uso de partes fixas para inserir as etiquetas á canal que poidan quedar, en todo ou parte, dentro da súa masa logo de retiralas. As etiquetas terán un tamaño non inferior a 5 x 10 centímetros e recollerán, perfectamente lexibles, as mencións obrigatorias do anexo VI. Só se permitirá a inclusión doutras mencións sempre que non supoñan confusión para os operadores ou alteración das condicións de transparencia do tráfico intracomunitario.

3. Os símbolos que representan as subclases, establecidos no artigo 4, situaranse a continuación da clase de conformación e do grao de engraxamento.

Artigo 13. *Comunicación da clasificación e do peso.*

O matadoiro deberá comunicar por escrito, quer no albará, quer nun documento adxunto, o resultado da clasificación efectuada en cada canal dun lote. Esta comunicación entregaráselle ao provedor do animal ou á persoa física ou xurídica que ordene o seu sacrificio, sen prexuízo de informar o gandeiro cando este o solicite expresamente.

Esta comunicación incluírá o peso de cada canal, indicando o momento en que se realizou a pesada e o tipo de presentación. Cando a pesada se realizase en quente, ao final da liña de sacrificio, deducirase un 2 por cento en concepto de mingua por deloiro. A comunicación da pesada farase conforme a boa fe e sen prexuízo do establecido no artigo 15.

CAPÍTULO V

Controis sobre clasificación e presentación

Artigo 14. *Controis sobre clasificación.*

1. A autoridade competente da comunidade autónoma en que radiquen os matadoiros autorizados efectuará controis en todos os establecementos. Estes controis efectuaranse de acordo cos criterios de frecuencia e sobre os puntos establecidos no modelo de acta de control do anexo VII.

Caso de se realizaren controis de clasificación a canais de vacún de peso vivo inferior a 300 quilogramos, a cata de control a acta de control será independente da utilizada para o control do resto das canais.

2. Os controis terán unha frecuencia de, polo menos, dúas veces por trimestre e efectuaranse sobre un mínimo de 40 canais escollidas ao azar. Porén, se non se dispuxer de tal número de canais, a proba realizarase sobre o número dispoñible, sempre que este non sexa inferior a 25, caso en que se poderán programar visitas para os seguintes días de sacrificio ata acadar, polo menos, as 40 canais clasificadas. Nos matadoiros en que actúe un só clasificador, a frecuencia dos controis poderá reducirse a un por trimestre.

3. Os controis comprenderán a supervisión da actividade dos clasificadores que prestan os seus servizos en cada matadoiro, mediante unha proba individual efectuada cun número de canais semellante ás controladas. Os criterios de aceptabilidade aplicables serán os do anexo IV. Retirarase temporalmente a autorización cando se constate un erro de tolerancia 0 ou se supere o límite

de tolerancia 1 e imporáselle a obriga ao clasificador de asistir e superar un novo curso teórico-práctico selectivo como requisito para recuperar a autorización. Cando se retire a autorización a todos os clasificadores dun matadoiro, a autoridade competente poderá dispor as medidas adecuadas para facilitar a actividade comercial.

4. En establecementos cun volume de sacrificio inferior ás 75 cabezas de vacún semanais, os controis efectuaranse sobre un mínimo de 40 canais escollidas ao azar. Non obstante, se non se dispuxer de tal número de canais, a proba realizarase sobre o número dispoñible, sempre que non sexa inferior a 25. Cando non se acade ese número, poderanse programar visitas para os seguintes días de sacrificio ata acadar polo menos 25 canais.

5. En todos os establecementos autorizados para realizar a clasificación mediante técnicas de clasificación automatizada, o control aterase ao establecido no anexo V.

Artigo 15. *Control dos dispositivos de medida.*

Sen prexuízo das competencias que teñan reservadas os organismos oficiais encargados do control metrolóxico en aplicación do anexo X do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida, os encargados do control de clasificación realizarán os seguintes controis:

a) Verificación da pesada real coa comunicada ao provedor dos animais, para o que se pesarán 5 canais escollidas aleatoriamente.

b) Comprobación da vixencia da verificación periódica de básculas.

c) Comprobación dos rexistros dos termógrafos das cámaras de deloiro, en caso de rexistrarse o peso en frío das canais e medias canais.

Artigo 16. *Medidas que se deben adoptar cando se detecten irregularidades. Corrección de deficiencias.*

1. No caso de que, como resultado dunha inspección, se observe un número significativo de clasificacións incorrectas, a autoridade competente aumentará o número de canais examinadas e a frecuencia dos controis sen prexuízo das sancións que procedan de acordo co capítulo VII.

2. As deficiencias sobre identificación ou sobre presentación, tales como un excesivo recorte de graxa externa, unha incorrecta preparación do pescozo ou unha preparación inadecuada en relación coas presentacións autorizadas para efectos do rexistro de prezos, darán lugar á inmovilización preventiva das canais afectadas en tanto que non sexan emendadas tales deficiencias. Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 3.2.b) do Regulamento (CEE) n.º 344/91 da Comisión, do 13 de febreiro, poderanse revogar as autorizacións previstas no seu artigo 3, números 1 e 1bis.

CAPÍTULO VI

Rexistro de prezos de mercado de canais de vacún pesado

Artigo 17. *Rexistro de prezos de mercado.*

1. O rexistro de prezos de mercado das canais de vacún pesado das categorías designadas en España efectuarase nos termos previstos no Regulamento (CE) n.º 295/96, do 16 de febreiro. O rexistro de prezos comprenderá as medias das transaccións habidas de luns a domingo da semana de referencia nos centros colaboradores. As conversións vivo/canal para determinar se unha canal procede dun bovino pesado serán as establecidas no anexo VIII.

2. O rexistro de prezos realizarase semanalmente nos matadoiros colaboradores integrantes do sistema de rexistro de prezos en matadoiros, sobre as seguintes categorías de canais do sistema SEUROP:

AU2, AU3, AR2, AR3, AO2, AO3.
DR3, DR4, DO2, DO3, DO4, DP2, DP3.
EU2, EU3, ER2, ER3, ER4, EO2, EO3, EO4.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo coa súa función de coordinación do sistema de rexistro de prezos en todo o territorio nacional, comprobará a adecuada representatividade dos prezos rexistrados no territorio de cada unha das comunidades autónomas que participan no rexistro. Para iso, asegurarse de que as comunidades autónomas participantes representen, en conxunto, polo menos o 75 por cento de todos os sacrificios efectuados no territorio nacional. Pola súa vez, os matadoiros colaboradores radicados no territorio dunha comunidade autónoma deben supor, como mínimo, o 25 por cento do total dos sacrificios efectuados nesa comunidade. Pola súa vez, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comprobará que se rexistren os prezos de, polo menos, o 30 por cento dos sacrificios efectuados no territorio nacional. Caso de non se acadaren as devanditas porcentaxes a nivel nacional, comunicará ás comunidades autónomas as correccións oportunas.

Artigo 18. *Suxeitos obrigados.*

Serán suxeitos obrigados a efectuar o rexistro de prezos, en calidade de colaboradores do sistema:

a) Empresas explotadoras de todo matadoiro que sacrifique anualmente 20.000 bovinos pesados ou máis, criados por elas ou que se desen para criar ou fosen adquiridos por elas.

b) Empresas explotadoras de todo matadoiro designado pola autoridade competente que sacrifique anualmente menos de 20.000 bovinos pesados criados por ela ou que se desen para criar ou fosen adquiridos por ela.

c) Toda persoa física ou xurídica que mande sacrificar anualmente 10.000 bovinos pesados ou máis nun matadoiro.

d) Toda persoa física ou xurídica designada pola autoridade competente que mande sacrificar anualmente menos de 10.000 bovinos pesados nun matadoiro.

Artigo 19. *Procedemento de recolla de prezos.*

1. Os suxeitos obrigados ao rexistro de prezos colaborarán na recolla, transmisión e, se for do caso, procesamento dos datos de prezos, remitindo á comunidade autónoma en que radiquen, antes das vinte e catro horas de cada luns, os prezos das transaccións habidas entre o luns e o domingo da semana anterior. Os datos están suxeitos ao segredo estatístico, en aplicación da Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública.

2. As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación os datos anteriores antes das doce horas de cada martes.

Artigo 20. *Controis de fiabilidade e veracidade do prezo comunicado.*

1. Co fin de garantir a transparencia do mercado, as comunidades autónomas, en colaboración, de ser o caso, co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, realizarán controis periódicos da exactitude dos prezos comunicados.

2. Na realización dos controis quedará perfectamente asegurada a confidencialidade dos datos solicitados aos colaboradores no rexistro de prezos. Pola súa vez, as persoas físicas e xurídicas participantes facilitarán os medios para realizar o control e permitirán o acceso aos

datos da súa contabilidade. Os datos utilizados estarán suxeitos a segredo estatístico.

CAPÍTULO VII

Réxime sancionador

Artigo 21. *Réxime sancionador en materia de clasificación e identificación de canais.*

1. As infraccións das normas contidas neste real decreto consideraranse, de ser o caso, infraccións en materia de normalización, documentación e condicións de venda ou subministración, tal e como se describe no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, así como no que se refire ao seu carácter de normas relativas a normalización e tipificación, nos termos previstos no artigo 49.f) do Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, no relativo ao incumprimento das normas sobre o rexistro, normalización ou tipificación, etiquetaxe, envasado e publicidade de bens e servizos.

2. Cando proceda, as infraccións graves ou moi graves darán lugar á retirada accesoria da credencial do clasificador.

Artigo 22. *Réxime sancionador en materia de rexistro de prezos de vacún.*

As estatísticas en materia de rexistro de prezos, realizadas de conformidade co Regulamento (CE) n.º 295/96, do 16 de febreiro de 1996, e con este real decreto, serán obrigatorias tal e como sinala o artigo 45 da Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública. O incumprimento do establecido neste real decreto será sancionado de acordo co disposto no Real decreto 1572/1993, do 10 de setembro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento administrativo sancionador das infraccións por incumprimento das obrigas establecidas na Lei da función estatística pública.

CAPÍTULO VIII

Comunicacións oficiais

Artigo 23. *Comunicacións.*

1. A autoridade competente transmitirá ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación os datos necesarios para o cumprimento das obrigas de información á Comisión Europea.

2. Anualmente, e antes do 31 de xaneiro, as comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación un informe sobre os controis realizados durante o ano precedente sobre canais de vacún pesado, que incluirá, como mínimo:

a) O número de matadoiros autorizados, detallando por separado os matadoiros que sacrifiquen máis de 75 cabezas de vacún pesado á semana como media anual e os que sacrifiquen 75 cabezas ou menos.

b) O número total de cabezas de vacún clasificadas con peso vivo superior e inferior aos 300 quilogramos de peso vivo.

c) O número de cabezas controladas e o número das achadas incorrectas, expresando así mesmo e por separado as incorreccións constatadas en clasificación, presentación ou identificación.

d) O número total de clasificadores acreditados, separados en clasificadores a tempo total e parcial.

e) No caso de se utilizaren dispositivos autorizados de clasificación automatizada, os resultados dos controis efectuados nos establecementos que clasifiquen mediante estes dispositivos.

f) Os datos de aplicación das presentacións tipo utilizadas, de acordo co Regulamento (CEE) n.º 563/82 do 10 de marzo.

g) O lugar e data de celebración dos cursos destinados a clasificadores a que se refire o artigo 9 e o programa previsto.

h) Os datos de produción anual en cabezas, e se é posible en toneladas de peso canal, dos suxeitos obrigados designados en aplicación do artigo 18.

i) Calquera outra información que sexa solicitada con carácter especial pola Comisión Europea ou polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición adicional única. Mesa de Coordinación de Clasificación e Prezos.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación constituirá unha Mesa de Coordinación de Clasificación e Prezos, que poderá asistirse do ditame de expertos do Comité de Control Comunitario establecido no artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 1183/2006, do 24 de xullo. A súa función será asesorar e facilitar a coordinación coas autoridades competentes das comunidades autónomas na aplicación das disposicións sobre clasificación e prezos. Esta mesa, en particular, asesorará na realización dos ensaios de certificación dos dispositivos de clasificación automatizada.

Disposición transitoria primeira. Período transitorio de adaptación á clasificación por subclases.

Durante un período de seis meses a partir da entrada en vigor deste real decreto e co fin de permitir a transición co novo sistema de subclases, permitirase a clasificación por clases completas sen mención ás subclases no caso de que a clasificación sexa realizada por un clasificador dos referidos no artigo 4.3.b).

Disposición transitoria segunda. Período transitorio para renovación de oficio da autorización dos clasificadores en activo.

Os clasificadores autorizados conforme o Real decreto 1892/1999, do 10 de decembro, que no momento da entrada en vigor deste real decreto estean en activo poderán solicitar da comunidade autónoma en que radique o matadoiro en que presten os seus servizos a validación de oficio da súa autorización. Esta solicitude deberase presentar dentro dun prazo de catro meses contado desde a entrada en vigor desta norma.

Disposición derogatoria única. Derogación de normas.

Queda derogado o Real decreto 1892/1999, do 10 de decembro, polo que se aplica o modelo comunitario de clasificación das canais de vacún pesado e as normas comunitarias sobre rexistros de prezos.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. Aplicación da Directiva 2006/123/CE.

Os requisitos adicionais que, de ser o caso, establezan as comunidades autónomas no desenvolvemento do previsto no capítulo III aplicaranse sen menoscabo do disposto

na Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

Disposición derradeira terceira. Desenvolvemento normativo e modificación.

Habílitase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar o contido técnico dos anexos para permitir a súa adaptación ás circunstancias do mercado.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de febreiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Modelo SEUROP

As canais e medias canais de vacún pesado clasifícanse atendendo a:

a) Categoría:

Categoría	Descrición
A	Canais de machos novos sen castrar de menos de dous anos.
B	Canais doutros machos sen castrar.
C	Canais de machos castrados.
D	Canais de femias que parisen.
E	Canais doutras femias.

b) Conformación, referida ao desenvolvemento dos perfís da canal e, en particular, das partes esenciais dela (croca, lombo e man).

Clase de conformación	Descrición
S superior	Todos os perfís extremadamente convexos; desenvolvemento muscular excepcional con dobres músculos (tipo «cuón»).
E excelente	Todos os perfís de convexos a superconvexos; desenvolvemento muscular excepcional.
U moi boa	Perfís convexos en conxunto; forte desenvolvemento muscular.
R boa	Perfís rectilíneos en conxunto; bo desenvolvemento muscular.
O menos boa	Perfís de rectilíneos a cóncavos; desenvolvemento muscular medio.
P mediocre	Todos os perfís de cóncavos a moi cóncavos; escaso desenvolvemento muscular.

c) Grao de engraxamento, referido á importancia da graxa no exterior da canal e na cara interna da cavidade torácica.

Clases de estado de engraxamento	Descrición
1 non graxo	Cobertura de graxa inexistente ou moi débil.
2 pouco cuberto	Lixeira cobertura de graxa, músculos case sempre aparentes.

Clases de estado de engraxamento	Descrición
3 cuberto	Músculos, excepto croca e man, case sempre cubertas, escasas acumulacións de graxa no interior da cavidade torácica.
4 graxo	Músculos cubertos de graxa pero aínda parcialmente visibles ao nivel da croca e da man, algunhas acumulacións pronunciadas de graxa no interior da cavidade torácica.
5 moi graxo	Toda a canal cuberta de graxa, acumulacións importantes de graxa no interior da cavidade torácica.

ANEXO II

Presentacións autorizadas

1. Canal de referencia ou tipo I.

É a canal descrita no artigo 2.2 do Regulamento (CE) n.º 1183/2006; a preparación do pescozo e o recorte do sangradoiro xugular realizarase conforme as prescricións do Comité de Inspección de Clasificación de Canais de Vacún definido no seu artigo 6.

2. Canal tipo II.

Inclúe o rabo, diafragma e piares medios do diafragma. Realízase o recorte de graxa superficial ou pulimento conforme as recomendacións do Comité de Inspección de Clasificación de Canais de Vacún. Inclúense os coeficientes de conversión, en peso, de acordo co Regulamento (CEE) n.º 563/82 do 10 de marzo.

Categorías	Grao de engraxamento		
	Grao 2	Grao 3	Grao 4
A, B, C, E e D			
Rabo	-0,4	-0,4	-0,4
Diafragma	-0,4	-0,4	-0,4
Piares do diafragma	-0,4	-0,4	-0,4
Pulimento (recorte graxa superficial) .	0	+2	+3
Coefficiente de corrección aplicable ..	-1,2	+0,8	+1,8

3. Canal tipo III.

Este tipo abrangue todas as canais en que non se efectúa o recorte de graxa superficial e que ademais inclúen o ril e a graxa da rilada, o rabo, o diafragma e os piares medios do diafragma e os testículos en machos de categorías A e B.

Divídense en dous subtipos para canais procedentes de machos de categoría A e B (onde se inclúen os testículos) e de femias de categorías D e E (que non os inclúe).

Inclúense en cada caso os coeficientes de conversión, en peso, de acordo co Regulamento (CEE) n.º 563/82 do 10 de marzo.

O ril debe presentarse descuberto para inspección.

a) Subtipo III A: Machos categoría A e B.

Categorías	Grao de engraxamento		
	Grao 2	Grao 3	Grao 4
A, B			
Rabo	-0,4	-0,4	-0,4
Ril	-0,4	-0,4	-0,4
Graxa da rilada	-1,75	-2,5	-3,5
Diafragma	-0,4	-0,4	-0,4
Piares do diafragma	-0,4	-0,4	-0,4
Testículos	-0,3	-0,3	-0,3
(Coefficiente de corrección aplicable) .	-3,65	-4,40	-5,40

b) Subtipo III B: Femias categorías D (vacas), E (xovencas) e machos categoría C (bois).

Categorías	Grao de engraxamento		
	Grao 2	Grao 3	Grao 4
A, B			
Rabo	-0,4	-0,4	-0,4
Ril	-0,4	-0,4	-0,4
Graxa da rilada	-1,75	-2,5	-3,5
Diafragma	-0,4	-0,4	-0,4
Piares do diafragma	-0,4	-0,4	-0,4
(Coefficiente de corrección aplicable) .	-3,35	-4,10	-5,10

ANEXO III

Uso das subclases

Clases: S, E, U, R, O, P

Conformación	superior +	central	inferior -
Grao de engraxamento (opcional)	superior +	central	inferior -

ANEXO IV

Criterios mínimos de aceptabilidade

1. Os criterios mínimos de aceptabilidade aplicables terán en conta as seguintes posibilidades de erro na clasificación:

a) Erros de tolerancia 0: erros de categoría e erros en 2 ou máis clases de conformación.

b) Erros de tolerancia 1: erro nunha clase de conformación e nunha clase de engraxamento. Para tal efecto, cando se utilicen subclases, 3 erros en estimación de subclases de conformación equivalerán a 1 erro en clases completas.

2. Valoración:

Consideraranse erros totais non admisibles os seguintes:

a) Erros de tolerancia 1 que afecten máis do 20 % do total de canais controladas ou equivalente.

b) Un ou máis erros de tolerancia 0.

ANEXO V

Control de dispositivos de clasificación automatizada

1. Durante os primeiros doce meses seguintes á concesión da autorización, os controis sobre a clasificación automatizada comprenderán, polo menos, seis controis cada tres meses.

2. Despois dese período, os controis realizaranse, polo menos, dúas veces cada tres meses en todos os establecementos autorizados para realizar a clasificación mediante técnicas de clasificación automatizada. Cada control deberá afectar como mínimo 40 canais, seleccionadas de forma aleatoria.

ANEXO VI

Mencións obrigatorias para efectos de clasificación

- Categoría, conformación e estado de engraxamento.
- N.º de rexistro sanitario do matadoiro.
- N.º de sacrificio do animal ou de identificación da canal.
- Data de sacrificio.
- Peso da canal.
- Clasificación automatizada (opcional).

ANEXO VII**Acta de control**

A información contida na acta de control poderase axustar ao seguinte modelo:

1. Lugar, data e hora da visita de control.
2. Datos do representante da Administración que realice o control e do titular do establecemento.
3. Datos do matadoiro:

- 3.1 Nome.
- 3.2 Enderezo.
- 3.3 Número de rexistro sanitario.
- 3.4 Volume de sacrificio ao ano.
- 3.5 Cabezas sacrificadas por semana.

4. Clasificadores autorizados:

- 4.1 Indicar se existe clasificación automática.
- 4.2 Datos dos clasificadores:

4.2.1 Clave do Rexistro Nacional de Clasificadores (RECLAN).

4.2.2 Data de autorización.

4.2.3 Nome, apelidos, nacionalidade e NIF do clasificador (no caso de persoas físicas estranxeiras e, para efectos fiscais, este coincide co número de identidade estranxeiro –NIE–).

4.2.4 Tipo de xornada laboral (completa ou parcial).

4.2.5 Último curso de reciclaxe realizado.

5. Resultados do control de clasificación:

5.1 Indicar se se empregan subclases (en conformación e grao de engraxamento) e, en caso afirmativo, indicar cales.

5.2 Control de clasificación, no que se recollerá:

- 5.2.1 Número de canais controladas.
- 5.2.2 Peso das canais controladas.
- 5.2.3 Número de canais clasificadas incorrectamente en categoría, conformación e estado de engraxamento.
- 5.2.4 Porcentaxe de erros sobre o total controlado en categoría, conformación e estado de engraxamento.
- 5.2.5 Número de canais non identificadas.

6. Presentación das canais:

6.1 Indicar a presentación utilizada das canais (tipo I, tipo II, tipo IIIA e tipo IIIB).

6.2 Observar se se efectuou correctamente a preparación do pescozo e o pulimento da canal.

7. Pesada de canais:

7.1 Verificar que os aparellos de medida foran calibrados.

7.2 Sinalar se a pesada se realizou en quente ou en frío e, de ser o caso, se se aplicou o 2 % autorizado de min-gua por deloiro. No caso de que a pesada se realizase en frío, se se revisaron os termógrafos da cámara de deloiro.

7.3 Indicar se se comprobou que a pesada real das canais coincide coa comunicada ao provedor dos animais.

8. Control de identificación:

8.1 Se se identificaron as canais mediante selos:

8.1.1 Comprobar que cumpren co exixido pola lexislación (características, dimensións, localización e mencións).

8.2 Se se identificaron as canais mediante etiquetas:

8.2.1 Comprobar que cumpren co exixido pola lexislación (autorización, características, dimensións, localización e mencións).

9. Información ao produtor:

9.1 Sinalar se se comunica ao subministrador de animais para o sacrificio a clasificación, presentación e peso de cada media canal.

10. Sinalar as alegacións do interesado.

11. Medidas correctoras:

11.1 Sinalar as actuacións correctoras e o prazo para a corrección en caso de detectarse irregularidades.

ANEXO VIII**Correspondencias vivo/canal**

Para efectos da determinación do peso canal mínimo para considerar unha canal de vacún clasificada como procedente dun bovino pesado de peso superior a 300 quilogramos de peso vivo, establécense as seguintes correspondencias entre pesos en vivo e pesos en canal para as distintas categorías de bovinos.

Categorías, calidades e coeficientes

Categorías e calidades	Coefficientes de conversión en peso vivo a peso canal	Peso mínimo canal
Anellos (categoría AR)	58	174
Anellos (categoría AO)	56	168
Vacas (categoría D,ROP)	47	141
(categoría BR)	54	162
Xovencas (categoría ER)	59	177

ANEXO IX**Contido mínimo do curso teórico-práctico**

1. Contido teórico-práctico.

O contido docente do curso teórico-práctico para acreditación e posta ao día constará de tres módulos. O primeiro deles consistirá nunha presentación teórica que se realizará nunha aula disposta para o caso. Os módulos 2 e 3, de carácter práctico, desenvolveranse necesariamente nas instalacións de sacrificio, almacenamento ou transformación do establecemento colaborador.

a) Módulo 1 – Formación teórica:

Aspectos legais e fundamentos do sistema de clasificación e rexistro de prezos de canais de vacún pesado. Modelo comunitario de clasificación SEUROP.

b) Módulo 2 – Formación práctica:

Correctas prácticas de preparación da canal. Preparación das canais para a súa clasificación e uso da presentación tipo. Pesada, deloiro e identificación. Bases prácticas da clasificación de acordo co modelo SEUROP.

c) Módulo 3 – Exercicio práctico:

Exercicio selectivo sobre 40 canais escollidas ao azar. Comentario dos resultados.

2. Duración mínima (en horas).

Módulos	Duración mínima
Módulo 1 – Formación teórica	4 h
Módulo 2 – Formación práctica	3 h
Módulo 3 – Exercicio práctico	3 h
Total	10 h